

Proposta comercial para a realización da Auditoría en Protección de Datos en Cooperativas.



Ítaca Software Libre, S. Coop. Galega

Rúa Rafael Alberti, 15 – Ofi. C

15.008 A Coruña

www.itacaswl.com



ÍNDICE

1.- PRESENTACIÓN E ANTECEDENTES.....	3
2.- OBXECTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS:.....	4
3.- MANTEMENTO ESPECÍFICO E FORMATIVO ANUAL.....	6
Teleformación.....	6
Outros servizos incluídos no mantemento.....	7
4.- PROPOSTA ECONÓMICA.....	9

1.- PRESENTACIÓN E ANTECEDENTES

O presente documento pretende fixar as condicións de prestación do servizo en materia de Consultoría de Protección de Datos por parte de **Ítaca Software Libre** para as Cooperativas que o desexen e que sexan membros da UNIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO (UGACOTA).

Para confeccionar o presente documento, tívose en conta a conversación mantida con persoal da propia UGACOTA, coa finalidade de ofertar un servizo o máis personalizado posible ás necesidades reais das cooperativas pertencentes a UGACOTA. Non obstante, debido aos diferentes ámbitos e necesidades que poidan existir, a concreción dos servizos terase que facer con cada cooperativa de forma independente.

Para realizar a auditoría, a formación e, en xeral, o establecemento das medidas necesarias en virtude da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, **Ítaca Software Libre** conta con persoal altamente cualificado e cos coñecementos e formación necesarios, poñendo a disposición de quen o desexe información sobre este particular. O noso auditor é Licenciado en Dereito e avogado en exercicio, así como é Colexiado do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña, posuíndo tanto experiencia acreditada, como formación específica na materia, destacando a realización do Máster en Protección de datos impartido pola UNED.

2.- OBXECTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS:

O presente documento establece o marco de colaboración para:

- O diagnóstico, a avaliación do estado de situación e a proposta de solución para as cooperativas membros de UGACOTA con respecto ao cumprimento da normativa vixente referente ao tratamento da información sobre persoas –auditoría con listado de medidas correctoras.
- A elaboración dos documentos e protocolos reguladores da seguridade e propostas para a implantación de medidas de acordo coa lexislación vixente (Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos e Real Decreto 1920/2007, de 21 de decembro de Desenvolvemento da LOPD).
- A legalización dos ficheiros e arquivos, que conteñan datos de carácter persoal, ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- A formación do personal en materia de protección de datos.
- O mantemento e seguimento das medidas implantadas aplicadas ao tratamento da información.
- A creación das cláusulas necesarias para a adecuación do portal web á normativa vixente (Lei 34/2002, de 11 de xullo de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico) así como a adecuación de cámaras de videovixilancia, se as houber, á lexislación vixente.

O procedemento para a execución do servizo ofertado é o seguinte, partindo de que antes de iniciar calquera intervención, cada cooperativa debe nomear un único interlocutor, que acompañará aos expertos designados por **Ítaca Software Libre** na verificación ocular e toma de datos, e que seguirá o procedemento ata o final atendendo a cantas cuestións plantexa aquel:

- A través dunha revisión in-situ, realizarase o diagnóstico, a avaliación do estado de situación e a proposta de solución de cada cooperativa con respecto ao cumprimento da normativa vixente referente ao tratamento da información sobre persoas –auditoría con listado de medidas correctoras.

Esta primeira visita terá carácter discrecional e realizarase en función do resultado da análise previa telefónica ou por correo electrónico a cada cooperativa asociada a UGACOTA.

- A elaboración dos documentos e protocolos reguladores da seguridade e propostas para a

implantación de medidas de acordo coa lexislación vixente (Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de Datos e Real Decreto 1920/2007, de 21 de decembro de Desenvolvemento da LOPD).

- A legalización dos ficheiros e arquivos, que conteñan datos de carácter persoal, ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- O noso persoal especializado volverá a desplazarse a cada cooperativa para levar a cabo a formación do persoal en materia de protección de datos mediante formación presencial e online.
- O mantemento e seguemento das medidas implantadas aplicadas ao tratamento da información.
- A creación das cláusulas necesarias para a adecuación do portal web á normativa vixente (Lei 34/2002, de 11 de xullo de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico) así como a adecuación de cámaras de videovixilancia, se as houber, á lexislación vixente.
- A redacción de todos os documentos, tamén da cartelería necesaria, inclúe unha versión impresa e en CD/DVD dos mesmos. Tamén haberá dispoñibles modelos on-line.


3.- MANTEMENTO ESPECÍFICO E FORMATIVO ANUAL.

O procedemento para a execución do servizo ofertado é o seguinte, partindo de que antes de iniciar calquera intervención, cada cooperativa debe nomear un único interlocutor, que acompañará aos expertos designados por **Itaca Software Libre** na verificación ocular e toma de datos, e que seguirá o procedemento ata o final atendendo a cantas cuestións plantexa aquel:

- **Itaca Software Libre** comprométese á asistencia xurídica na interpretación de calquera dos protocolos enriba referenciados en poder de cada cooperativa, así como á aplicación das medidas de seguridade aconselladas.



- **Itaca Software Libre** comprométese á asistencia xurídica a cada cooperativa respecto ao exercicio dos dereitos de terceiras persoas en materia de protección de datos de carácter persoal, así como ás comunicacións emitidas pola Axencia Española de Protección de Datos.



- Respecto aos procedementos administrativos de carácter sancionador ou xudiciais que puideran incoarse fronte a cada unha das cooperativas contratantes, **Itaca Software Libre** comprométese á defensa xurídica, a excepción de que ditos procedementos se instrúan como consecuencia da omisión ou a incorrecta aplicación por parte da cooperativa de propostas no documento de seguridade ou nos diferentes protocolos, en cuxo caso Itaca Software Libre non terá obriga de defender a cada cooperativa, salvo en virtude dun novo convenio suscrito entre as partes.

- **Teleformación**

Como servizo adicional, **Itaca Software Libre** decidiu, atendendo ás específicas

circunstancias da variabilidade das persoas integrantes das cooperativas, ofrecer un servizo de consulta e formación on line dende o primeiro día e que proporcione un soporte de alta calidade e gran dispoñibilidade.

En primeiro lugar, ofreceríase un curso básico formativo a realizar a través dunha plataforma web, é dicir, un curso on-line, para aquelas persoas que entren a formar parte por primeira vez en cada cooperativa, a quen se daría de alta en dito curso no momento en que se comunique a **Itaca Software Libre**.

Por outra parte, nesa mesma plataforma web decídese incorporar os protocolos, avisos legais e impresos necesarios, para a súa posta a disposición para cada cooperativa.

Por último, poderanse efectuar todas as consultas pertinentes a través de dita plataforma web por parte de todos os membros de cada cooperativa, respondendo o experto designado por **Itaca Software Libre** ás cuestións que se efectúen en aplicación da normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

○ **Outros servizos incluídos no mantemento.**

- Realización de auditoría bianual

É obrigatorio, cando se traten datos especialmente protexidos, a realización dunha auditoría bianual. Ao longo dos últimos anos a regulación desta auditoría variou en varias ocasións polo que non é sinxelo estar ao tanto das obrigas puntuais e as auditorías necesarias. **Itaca Software Libre** comprometerase a levar constancia de cal é a situación e as necesidades de cada cooperativa.

- Actualización do Documento de Seguridade

Ao longo dos últimos anos a normativa legal que regula a protección de datos sufriu diversas modificacións. **Itaca Software Libre** comprométese a pór a disposición de cada cooperativa unha versión do documento de seguridade, obrigatoria, actualizado.

- Revisión e redacción de cláusulas

En ocasións xorden actividades novas ou se modifica en todo ou en parte o obxecto social da cooperativa, que requiren da redacción de cláusulas específicas. Co noso servizo de mantemento a redacción e asesoramiento nesta materia estará cuberto.

- Inscripción, modificación e supresión de ficheiros.

Ao longo do tempo de traballo de cada cooperativa será necesario clausurar algúns ficheiros

e crear outros. Como queira que a Axencia Española de Protección de Datos ten que ter constancia das modificacións que se produzan, **Ítaca Software Libre** comprométese a realizar os trocos pertinentes en todas as ocasións en que se produzan.

4.- PROPOSTA ECONÓMICA.

O valor para o servizo antes descrito establécese en función do proceso de realización do mesmo e en virtude da información da que agora se dispón. En función das diferentes necesidades, dimensións e tratamento de datos persoais, poderase incrementar o presente orzamento, sendo os importes mínimos os seguintes:

Concepto	Importe €
• Deseño e confección do Documento de Seguridade para cada cooperativa, alta dos ficheiros privados no Rexistro Xeral de Protección de Datos, elaboración e entrega dos protocolos enriba reseñados.	A partir de 200 €
• Mantemento específico e formativo anual para cada cooperativa, inclúe todo o punto 3 do presente documento.	A partir de 100 €

NOTAS ADICIONAIS:

- ×O prezo non inclúe I.V.E.
- ×A validez do orzamento é de 30 días
- ×O importe o mantemento será actualizado anualmente de conformidade á variación do Índice xeral de Prezos de Consumo.

O presente documento é válido para a contratación dos servizos descritos, calquera modificación será consultada con **Itaca Software Libre**.

O presente documento é soamente válido para cooperativas asociadas á UNIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO (UGACOTA).

Aceptado o orzamento, na Coruña, a ___ de _____ de 2.013

Ado./